

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVICIOS PARA A IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS 2021/22, EXPEDIENTE TR332A 2021/14.

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 46.005,00 €, IVE EXENTO

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN: 46.005,00 €, IVE EXENTO

INFORME INSUFICIENCIA DE MEDIOS

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Concedida a esta Mancomunidade pola Dirección Xeral de Formación e Colocación unha subvención de 250.000,00 €, cun cofinanciamento de 40.697,68 €, o custo total do proxecto é de 290.697,68 € para a posta en práctica de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante os anos 2021 e 2022, ao abeiro da Orde 7 de xullo de 2021.

Visto que, o Programa de Emprego xustifícase coa inserción de demandantes por colectivo no mundo laboral, tales como: persoas desempregadas con discapacidade; mulleres vítimas de violencia de xénero; menores de 30 anos con baixa cualificación; menores de 30 anos cualificadas; desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego; beneficiarias da axuda do programa de recualificación profesional, mulleres desempregadas e persoas desempregadas de longa duración.

Dado que, coa nosa intermediación e coa colaboración do tecido empresarial, son moitos os usuarios que atoparon traballo, consolidándose moitos postos de traballo cunha alta taxa de estabilidade.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo consistente na realización de cursos de formación no ámbito de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante os anos 2021/22.

Por todo isto, esta Presidencia emite o seguinte **INFORME**:

PRIMEIRO.- Insuficiencia de medios persoais

Dadas as especificidades técnicas precisas para a impartición dos cursos, non figura na plantilla desta entidade, persoal con tales cualificacións para atender ás funcións que require este servizo, xa que se trata de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden prestar por unha empresa externa de servizos. Este feito xustifícase coa descrición da dificultade e especialización das tarefas a realizar e a imposibilidade de prestarse por persoal da entidade.

SEGUNDO.- Insuficiencia de medios materiais

Por non dispor dos medios materiais necesarios (aulas, equipos informáticos, material didáctico; formación do persoal) para a prestación do servizo, ao tratarse de prestacións específicas e concretas, nin se dispón das ferramentas necesarias para a consecución

da necesidade obxecto do contrato, nin se dispón do soporte técnico e tecnolóxico axeitado.

TERCEIRO.- Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante, de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral

